



Fernando Pérez Fernández, alcalde do concello de Vilasantar, na data da sinatura dixital, en presenza da secretaria de dito concello, emito o seguinte decreto:

ASUNTO: APROBACIÓN LISTA PROVISIONAL E DEFINITIVA DE ADMITIDOS. PROCESO SELECTIVO PERSOAL LABORAL TEMPORAL. SOCORRISMO 2025.

EXPEDIENTE: 2025/G003/000229 (Decretos).

EXPEDIENTE: 2023/A008/000008 (Subvencións).

EXPEDIENTE: 2025/E001/000003 (Convocatoria Selección Persoal)

Vista a necesidade de adoptar unha resolución sobre o procedemento a que se refire este decreto en aras dos principios de eficacia e celeridade administrativa recollidos na Lei 39/2015 de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei 40/2015 de 1 de outubro de réxime xurídico do sector público.

Visata a resolución da Consellería de Presidencia, Xutiza e Deportes, ao abeiro do disposto na Orde de 27 de Xaneiro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións ás entidades locais de Galicia, en réxime de concorrencia competitiva, para a prestación do servizo de vixilancia, rescate e salvamento nos espazos acuáticos naturais e instalacións acuáticas descubertas e se procede a súa convocatoria para o ano 2025.

Vista a documentación que consta no expediente de subvención 2024/A008/000008

Visto que mediante o decreto de alcaldía 207/2025, de 19 de Xuño de 2025, se aprobaron as bases e convocatoria para a selección de persoal laboral temporal e bolsa de traballo para a contratación de 1 Socorrista.

Visto que ditas bases e convocatoria foron publicadas na páxina web e no taboleiro de anuncios deste concello.

Visto que en data 19/06/2025 se presentou a oferta de emprego número 12-2025-6302 para Socorristas introducida no Servizo Público de Emprego de Galicia.

Examinadas as solicitudes presentadas e visto que hai candidatos remitidos pola Oficina de emprego que non presentaron a documentación.

De acordo coas atribucións que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e na aplicación do art.10 da Lei 40/2015 de 1 de outubro do réxime xurídico do sector público. **Resolvo:**



PRIMEIRO.- Admitir provisionalmente ó aspirante presentado que se relaciona a continuación ó proceso selectivo para a selección de persoal laboral temporal e bolsa de traballo para a contratación de 1 Socorrista para a realización do servizo de Socorrismo.

ADMITIDO:

Nº DE REXISTRO	DNI	APELIDOS E NOME
202500000000540	4933****P	Quindimil García, Anxo

SEGUNDO.- Admitir definitivamente, por non existir lista de excluídos, ó aspirante presentado que se relaciona a continuación ó proceso selectivo para a selección de persoal laboral temporal e bolsa de traballo para a contratación de 1 Socorrista para a realización do servizo de Socorrismo.

ADMITIDOS:

Nº DE REXISTRO	DNI	APELIDOS E NOME
202500000000540	4933****P	Quindimil García, Anxo

TERCEIRO.- Nomear o tribunal encargado da selección que estará integrado por:

Presidenta: Elisabet Rodriguez López, Tecnico en Animación de actividades físicas e Deportivas.

Suplente: Mónica Remeseiro López, Técnico deportivo do Concello de Sobrado.

Secretaria: Mercedes Costoya Cortés, Auxiliar administrativa do Concello de Vilasantar

Suplente: Maria Isabel Novo López, Administrativa do Concello de Vilasantar

Vogal: María Trinidad Veiras Freire, Tecnico de cultura e información xuvenil do Concello de Vilasantar.

Suplente: Ana Mª Vallo Camba, Axente de emprego e desenvolvemento local do Concello de Boimorto

Vogal: Ana Belén Vazquez Garea, Técnico de intervención familiar do Concello de Vilasantar.

Suplente: Susana Nieto Santos, Orientadora laboral do Concello de Curtis.

Vogal: Sofia Dono García, Traballadora social do Concello de Vilasantar.

Suplente: Aida Bello Mirás, Axente TIC do Concello de Vilasantar

CUARTO.- Convocar ós candidatos admitidos o día 8/7/2025 ás 11.30 horas para a realización do proceso selectivo.



CONCELLO DE VILASANTAR
R/ Ru, s/n, Vilasantar, 15807, Vilasantar, A Coruña
correo@vilasantar.gal www.vilasantar.gal 981 778 169



QUINTO.- Dar traslado do presente acordo ós servizos municipais responsables da súa tramitación.

SEXTO.- Informar ao Pleno da corporación da presente resolución, de conformidade co establecido no artigo 42 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro.

Mándao e asíno a súa señoría O Alcalde, e ordena darlle traslado ó departamento correspondente para a súa incorporación ó expediente do que eu Secretaria - Interventora, Minia Astray Barca, dou fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE.